

CHANTIER o SACRIFICIO

Esta foi a realidade no día de onte 26/07/10:

1ª hora da xornada	2ª metade da xornada	Noite 22 h.- 24h.
Montaxe 2ª Term. Da M.1. as 15´15.....32º	As 19´30 h.....32´8º	Saída Montaxe...32º
RVCV (calidade fin Montaxe) as 16 h....34º	As 19´40 h.....34 º 29´2º
MASILLAS ás 16´30 1º tramo.....32´5º	As 18´30 h.....32´5º30º
" 2º tramo.....31º	As 18´45h.....31´5º30º
" 3º tramo.....31º	As 19.....31º30º
FERRAXE (zoa central) ás 17 h.....32´6º	As 20h.....32´8º31º
PINTURA (lix. 01) as 16´45h. en cabina..33º	AS 18´30.....34´5º34´6º
" " " as carrocerías...42º	As 18´40.....42º
Desmontaxe de Portas aéreo as 15´30....34´5º	As 20´15h.....34º33´2º

Con estes graos só houbo unha posta en común: o auga.

Pero non foi así en canto ás medidas organizativas, é dicir os descansos.

Aquí, de novo, cada taller sacou do seu manual a "solución". A produción na maioría dos casos volveu pasar por riba das persoas. Dicimos a maioría, pois mentiríamos, se non recoñecésemos que houbo xefes de taller, que si se preocuparon en dar relevos ó persoal.

En Masillas, por exemplo (unha vez máis) sacan unha táboa doutra era, (non reproducíble) para regatear descansos. Tamén é o caso de lacas, onde non contemplaron esta situación apesares de estar a 34ºC.

A C.I.G., xa razoou, tanto os dereitos que temos os traballadores nesta situación de Estrés Térmico coma das posibles consecuencias que poden ter para a nosa saúde.

Os traballadores/as debemos pensar que esta maneira de reaccionar de parte da xerarquía tamén pode obedecer a un "observatorio" de ver o grao de "sacrificio" a que estamos dispostos soportar os traballadores/as.

Apesares de que estes feitos xa están postos en coñecemento da Autoridade Laboral, o respecto e o equilibrio nas Relacións Laborais as marcan sempre o grao de compromiso por defendérmonos fronte ós abusos e inxustizas.

Como estamos a falar dunha situación de Saúde no Traballo, reiterar que con independencia do seguimento que fagamos os Delegados da C.I.G. en esixir descansos, os traballadores/as tamén debemos ser os primeiros en defender a nosa propia protección, contamos con un Servizo Médico, fagamos uso del. Resignarse ou incluso quedarse a alongar a xornada é ir na dirección contraria.

Asdo. Miguel Pérez González

Del. Da C.I.G. en Prevención

Confederación Intersindical Galega